




Burkina Faso Dar Al-Harb (Morada da guerra): A expansiÃ³n no paÃs do terrorismo xihadista

DescriciÃ³n

“*Terra dos homes honestos*” Ã© o significado de Burkina Faso, nome adoptado oficialmente en xullo do 1984 por un paÃs que ata entÃ³n denominÃ¡base Alto Volta, unha antiga colonia francesa que se independizou da metrÃ³pole o 5 de agosto do 1960.



Map No. 4230 UNITED NATIONS November 2004

Department of Peacekeeping Operations Cartographic Section

Mapa de Burkina Faso. Fonte: <http://www.un.org/Depts/Cartographic/map/profile/burkina.pdf>

En Burkina Faso non hai conflitos de Ãndole relixiosa entre musulmÃns, que forman arredor do 60 % da poboaciÃn, cristiÃns, que son un 25% e animistas, outro 15 %, nun censo en cuxos porcentaxes non hai unanimidade.

A insurxencia Tuareg que escomenzou no 2012 nos paÃses veciÃos de MalÃ e NÃxer, tivo certo impacto nas zonas fronteirizas de Burkina Faso xa que acollen a unha poboaciÃn Tuareg de preto de 100.000 persoas. Ese mesmo ano, grupos terroristas de inspiraciÃn xihadista fixÃronse co control de territorios ao norte do paÃs, control que se viu truncado pola intervenciÃn das forzas armadas francesas no marco da operaciÃn Serval. A perda de territorio non neutralizou a ameaza xihadista.


En maio do 2015 o grupo Al Morabitoun, comandado por Mokhtar Belmokhtar, reivindicou o secuestro, cometido un mes antes, do cidadÃn de romanÃs Gherghut Lulial, que realizaba funciÃns de seguridade nunha mina de manganeso en Tambao. En agosto dese ano tres individuos armados atacaron un posto fronteirizo en Oursi, preto das fronteiras de MalÃ e NÃxer, ferindo de gravidade a un xendarme, que finalmente morreu, e a un civil que resultou ser a filla do comandante da brigada. Algunhas testemuÃas afirmaron que os atacantes reivindicaron sÃa militancia en Boko Haram.

Meses despois, o 09 de outubro do 2015, un comunicado do xeneral de brigada Pingrenoma Zagre, Xefe do Estado Maior Xeneral dos ExÃrcitos, confirmaba a morte de tres xendarmes durante o ataque cometido por uns cincuenta homes armados procedentes da fronteira oeste de Burkina Faso contra o posto da XendarmerÃ de Samorogouan. O atentado foi atribuÃdo ao Fronte de LiberaciÃn de Macina (FLM).

No seu discurso de investidura, pronunciado o 29 de decembro do 2015, o presidente Roch Marc Christian Kabore constatou que a situaciÃn securitaria, no mundo en xeneral e na sub-rexiÃn oeste africana en particular, era especialmente preocupante dada a amplitude tanto das ameazas coma das acciÃns terroristas. Por iso, facÃa un chamamento a por en comÃn medios de defensa e recursos de informaciÃn entre o seu paÃs e aqueles que loitan contra o terrorismo no mundo.

A comezos do 2016, a capital de Burkina Faso, Ouagadougou, foi escenario dun ataque terrorista de inspiraciÃn xihadista que provocou 30 mortos de 18 nacionalidades diferentes e mÃis de 150 feridos. Un grupo de entre 30 e 50 individuos fortemente armados con fusÃs de asalto e lanzagranadas atacaron a cafeterÃa Cappuccino, os hoteis Yibi e Splendid e a cafeterÃa Taxi Brousse. A acciÃn foi reivindicada conxuntamente por Al Qaeda no Magreb IslÃmico (AQMI) e Al Mourabitoun no que foi sÃa primeira acciÃn coordinada despois de que o 04 de decembro de 2015 o lÃder de AQMI Abdelmalek Droukdel (eliminado xunto con outros colaboradores nun ataque francÃs en xunio do 2020), anunciase a fusiÃn da sÃa organizaciÃn co grupo comandado por Belmokhtar.

En setembro do 2016 entrou en escea en Burkina Faso unha filial do Daesh. Un ataque contra un posto aduaneiro en Markoye no que resultaron asasinadas dÃas persoas foi reivindicado por Adnan Abu Walid al Sahrawi, quen no 2015 xa pronunciara o bay'ah (xuramento de lealdade) ao entÃn lÃder do Daesh, Abu Baker al Baghdadi. O 30 de outubro do 2016 a travÃs da Axencia de Noticias Amaq, o bay'ah foi aceptado oficialmente e al Sahrawi converteuse no lÃder dunha wilaya (provincia) de Daesh denominada Estado IslÃmico do Gran Sahara (EIGS). Ao mes seguinte, outro ataque do EIGS contra unha base do exÃrcito burkinÃs na localidade de Intangom, situada no extremo norte del paÃs, preto da fronteira con MalÃ, acabou coa vida de tres soldados.



Zonas de conflito e presenza xihadista en Burkina Faso. Fonte.
[https://www.arenas24.news/2021/03/24/burkina-faso-djihadisme-et-crise-de-gouvernance/#:~:text=Entre%202015%20et%202019%2C%20le,2\)%20et%20Centre%2DNord.](https://www.arenas24.news/2021/03/24/burkina-faso-djihadisme-et-crise-de-gouvernance/#:~:text=Entre%202015%20et%202019%2C%20le,2)%20et%20Centre%2DNord.)

Esa orde de cousas coincidiu no tempo co desmantelamento do RSP (Rexemento de Seguridade Presidencial). Esta forza de elite foi creada por Blaise Compaoré e perante máis de 27 anos constituíu unha ameaza para os cidadáns burkineses debido aos brutais métodos que empregaban. O RSP foi disolto no 2015 polo seu apoio ao finalmente frustrado alzamento do xeneral Gilbert Diendé o que converteu a moitos dos seus membros en prósugos da xustiza. A un destes fuxitivos, Boubacar Sawadogo atribúelle o establecemento de contactos co líder de Ansarul Islam, segundo unha comunicación interceptada polos servizos de intelixencia.

Posteriormente sábase que Sawadogo, alias Boubacar Mossi, converteuse nun cadro dirixente de Ansar Dine ata que foi detido en xullo do 2016 polas forzas de seguridade malienses en Sikasso. Boubacar Sawadogo foi o responsable dun atentado en Samorogouan, o suroeste de Burkina Faso, o 09 de outubro do 2015 no que foron asasinados tres xendarmes.

En decembro do 2016 un grupo duns corenta individuos, a bordo de vehículos todo terreo e motocicletas, armados con fusís Kalashnikov e lanzagranadas, atacaron un destacamento do exército con sede en Nassoumbou ao norte de Burkina Faso, a trinta quilómetros da fronteira con Malí. No ataque foron asasinados doce militares. A organización xihadista Ansarul Islam, reivindicou o atentado.

O 27 de marzo do 2017 compareceu publicamente en Ouagadougou o ministro de Seguridade, Simon Compaoré, quen constatou que período comprendido entre o 2015 e o 2016 tiveran acontecido no país máis de vinte ataques ou agresións de natureza terrorista contra as forzas de defensa, de seguridade ou contra obxetivos civís.

Compaoré enumerou aos grupos terroristas que operaban con máis frecuencia no territorio de Burkina Faso: O Estado Islámico do Gran Sahara (EIGS), Ansar Dine, Ansarul Islam, a Fronte de Liberación de Macina (FLM), Al Morabitoun e Al Qaeda no Magreb Islámico (AQMI). Estes catro últimos están unidos dende o 2 de marzo 2017 baixo a denominación de «Grupo de Apoio ao Islam e aos Musulmáns» – Jamaat Nasr Al Islam Wa Al Mouslimin (JNIM).

Un informe (xunio de 2020) do Observatoire pour la démocratie et les droits de l'homme (ODDH) recolle que entre abril do 2015 e maio do 2020 os xihadistas cometeron ao menos 580 atentados en territorio de Burkina Faso. Destes, 221 foron contra militares e forzas de seguridade, que deixaron 436 mortos e 310 feridos; 359 contra obxetivos civís, que provocaron 1.219 vítimas mortais e 349 feridos. Ao menos en 45 destes ataques empregáronse AEs (Artefactos Explosivos Improvisados). Tamén houbo 76 casos de secuestro que computaron 181 vítimas. Ademais, as forzas armadas burkinesas responsabilízaselles da morte de 588 civís.

Segundo un documento do International Crisis Group (febreiro de 2020) os grupos máis activos en Burkina Faso son: JNIM que opera nas provincias de Soum (rexión do Sahel), Bam e Sanmatenga (Centro-Norte); a Provincia de África Occidental do Estado Islámico (que ademais de Burkina Faso engloba a Nixeria, Níxer, Chad, Malí e Camerón) cuxa área de influencia abarca dende a provincia de Oudalan (rexión do Sahel) ata as de Soum, Namentenga (Centro-Norte) e Sanmatenga finalmente está Ansarul Islam que prestou apoio a filial do Daesh para perpetrar un ataque en Koutougou o 19 de agosto do 2019 no que foron asasinados 24 militares.

O Global Terrorism Index (GTI) 2020 elaborado polo Institute for Economics & Peace advirte que o eixo da actividade xihadista do Daesh pivotou dende o Medio Oriente ata África cun aumento do 67% no número de persoas asasinadas respecto do ano 2019. Ao longo dese período ao Daesh responsabilízase de acabar coa vida de 982 persoas, o 41% do total das vítimas mortais do grupo terrorista. O GTI-2020 sinala que «Sete dos 10 países co maior aumento do terrorismo atápanse na África subsahariana: Burkina Faso, Mozambique, República Democrática do Congo, Malí, Níxer, Camerón e Etiopía».



Ataques perpetrados en África (marzo 2017-maio2020) polas filiais do Daesh e Al Qaeda. Fonte:
<https://newlinesinstitute.org/isis/isis-in-africa-the-caliphates-next-frontier/>

A noite do 5 ao 6 de xunio de 2021 produciuse o ataque xihadista máis mortal ata a data. Solhan, unha pequena localidade situada a uns quince quilómetros de Sebba, cabeceira da provincia de Yagha ao nordeste do país foi obxecto dun violento ataque que deixou un balance de 160 persoas asasinadas.

O terrorismo ten ademais outra dramática derivada: o desprazamento da poboación para fuxir da violencia. O Ministro de Comunicación e portavoz do goberno burkinés Ousséni Tamboura, nunha comparecencia que tivo lugar o 14 de xullo do 2021, sinalou que sá perante o primeiro semestre do 2021 foran rexistrados un total de 237.078 desprazamentos internos pasando de 1.074.993 desprazados (a 31 decembro do 2020) a 1.312.071 a 30 de xunio de 2021, destas persoas, un 60.55 % serán meniños en un 23.4 % mulleres. Todo isto nun país cunha poboación estimada en 21.382.659 habitantes.

Burkina Faso, un dos países máis pobres do mundo, sofre o terrorismo xihadista no marco dunha poliarquía armada na que se solapan ademais dos propios terroristas, grupos de autodefensa e bandas criminais ante un estado incapaz de afrontar a ameaza en toda a súa dimensión cos seus propios medios. Esta ameaza, compartida polos países veciños da franxa saheliana nunha zona na que as fronteiras en non poucas ocasións non son máis que liñas na area, parece experimentar unha tendencia a alza nunha rexión próxima, moito máis cerca do que parece, a fronteira sur da Unión Europea.

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Otros

ETIQUETAS

Galicia internacional

IDIOMA

Galego

INVESTIGACION

Relaciones Internacionales

Fecha de creación

septiembre 3, 2021

Campos meta

Autoría : 104619

Datapublicación : 20210903

Subtítulo : Documento orixinalmente publicado en castelán polo OIET, traducido e ampliado por Luás Antonio González Francisco.